



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
DO CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE XANEIRO DO DOUS MIL OITO.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a María Loureiro García, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. Celestino V. García Paz, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do dezaoito de xaneiro do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, e a do Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declarase aberto o mesmo.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS
EXTRAORDINARIAS DO DÍA 12 DE NOVEMBRO E ORDINARIA DO DÍA 26
DE NOVEMBRO DE 2007.**

Polo Sr. Alcalde se indica que por razóns de índole legal e debido á relación que existe entre ambos puntos da Orde do Día, vai tratarse primeiro o punto número 6 e depois o número 5, sinalando que retira o punto número 11 xa que aínda non se adquiriron os transformadores que ían a situar nos locais a ceder á empresa “Electra del Viesgo”.

A continuación pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 12 de novembro de 2007, non producíndose ningunha, polo que se aproba por unanimidade.



A seguir, pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta do día 26 de novembro do 2007, ao que o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, sinala que na última páxina da Acta, onde dí que se interrompe a sesión por dez minutos, ten que dicir quince minutos, non producíndese outras intervencións, o Pleno da Corporación, acorda aprobar, por unanimidade dos seus membros, a dita acta.

2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A CESIÓN A SOGASERSO DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN XERIÁTRICO.

Polo Sr. Alcalde manifestase que da documentación existente na convocatoria da sesión houbo unhas modificacións posteriores. Refírese a continuación a un acordo do Pleno da corporación de julio do ano 2003 que dí era similar á proposta cunhas diferencias refiridas na presente á titularidade pública da empresa participada polas dúas Caixas e que se cede a SOGASERSO e non á Fundación Caixa Galicia. Continúa exponiendo que todas as prazas serán de carácter público en tanto que antes un 40% eran con cheque asistencial. Respecto á edificación sinala que no primeiro tiña Baixo + catro + Baixo cuberta; que no 2003 fixouse en soto, semisoto, B+3 e que na actualidade levará nunha parte da edificación B+3 e noutra B+2. Respecto ás prazas do Centro de Día destaca que no lugar de 40 levará 50 prazas.

A seguir dí que existe outra modificación en canto á previsión de 150.000 € para mobiliario urbano que non se inclue, xa que a Empresa depende da Xunta de Galicia polo que non sería coherente. Que a parcela onde se vai ubicar é a mesma que a acordada no mes de xullo de 2003 ocupando o campo de fútbol ao que haberá dí que buscarlle unha alternativa.

Finalmente fai fincapé en que se trata de uha cesión gratuita a unha entidade sen ánimo de lucro e que na selección do persoal que prestará os seus servizos na futura instalación, en canto a limitar este aos veciños do Concello de Viveiro, non pode ser así porque deberá adaptarse á legalidade.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense ás seguintes:

A da Concelleira do PP, Dª María Carmen Gueimunde González, que indica que si se cedeu no seu momento á Caixa Galicia terá que haber reversión. A seguir formula a seguinte pregunta: ¿A situación urbanística é legal?.

A do concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta que manifesta a conformidade coa proposta, considerando positivas as modificacións, amosando dí o apoio e a aposta que fixo a Consellería de Asuntos Sociais pola Residencia así como o primeiro Tenente de Alcalde no anterior goberno municipal.

A do concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño que dí que a cesión anterior non se levou a efecto, insistindo no manifestado nas outras sesións sobre o asunto respecto ao transcurso de trinta anos que se lle fará unha valoración pericial aos terreos e se aboarían ao Concello e que non lle asiste dúbida neste caso que a Xunta de Galicia está polo medio.

A efectos de aclarar a cuestión suscitada pola concelleira do PP, Dª María Carmen Gueimunde González respecto á reversión da cesión á Caixa Galicia pola Secretaria do Concello, Dª Sara Martínez Álvarez, e previa consulta á Alcaldía, se indica



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

que no ano 2003 non se chegou a formalizar o documento de cesión dos terreos para o xeriátrico polo entón Alcalde, D. César Aja Mariño coa Fundación Caixa Galicia, cre recordar, polas eleccións locais.

Nestre intre o Sr. Alcalde incide no asunto engadindo que o documento xa se redactara pero non se chegou a asinar.

En canto aos aspectos urbanísticos sinala que a normativa provisional do Decreto 102/2006, polo que se aproba a normativa provisional non plantexa problemas coa edificabilidade de baixo máis dúas prantas. Engadindo que a cesión gratuita proponse cunha duración de trinta anos e a partir desa data se é do interese do cessionario, poderá adquirir os terreos tal e como se determina na proposta da Alcaldía.

A seguir, intervén a Concelleira do PP, Srª. Gueimunde González, para preguntar sobre as obras de urbanización e as razóns polas que non se inclúen.

O Sr. Alcalde resposta que é debido a que a rúa, beirarrúa e alumeados xa están executados e que o mesmo ocorre coa rede de sumidoiro.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal dos membros, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía que, textualmente, dí:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A CESIÓN E POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA A CONSTRUCCIÓN DUN XERIÁTRICO E CENTRO DE DÍA.”

Por parte da Alcaldía comunicase ao Pleno que do resultado das negociacións realizadas con Sogaserso que deron por resultado que a entidade antes mencionada acepta a proposta de modificación recollida no acordo plenario de 31 de xullo do 2003, en canto á nova localización da superficie coa acordada o día 29 de novembro do ano 2002, facéndo-a compatible coa existencia do camping que está situado na finca á que facía mención o acordo do 29/11/2002.

O acordo tamén conleva o estado da posibilidade de promover un balneario como complemento do devandito equipamento, co fin de maximizar a utilidade que para Concello de Viveiro reporta a implantación no mesmo da devandita instalación xeriátrica.

Por todo o anteriormente exposto esta Alcaldía solicita ao Pleno Municipal, no relativo á parcela a ceder e á posta a disposición dos terreos, segundo a proposta que como anexo se incorpora, e en virtude do mesmo se proceda á formalización do convenio de colaboración entre Sogaserso e o Concello de Viveiro en orde a presentar os documentos necesarios para facer posible a tramitación do expediente de cesión gratuita da parcela destinada a equipamento xeriátrico co obxectivo de que se tome o seguinte:

ACORDO



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

Proceder á cesión gratuita e posta a disposición de Sogaserso, S. A. dos terreos de titularidade municipal situados na Misericordia, coa localización reflectida no anexo I deste acordo, cuxas condicións de ordenación urbanística se determinan a continuación.

Coa finalidade de que por parte da devandita entidade se promovan as actuacións necesarias para a construción e explotación, durante polo menos 30 anos, dun Equipamento Xeriátrico cunha capacidade de arredor de cento cincuenta (150) prazas residenciais e aproximadamente corente (40) diurnas , entre outros servizos. As mencionadas condicións de ordenación urbanística son as seguintes:

Edificabilidade	15.236 m2.
Uso	Equipamento xeriátrico
Ocupación máxima	50% da parcela (7.618 m.)
Número de plantas	5 (Sótano, Semisótano+3)
Superficie	15,236 m2.

Por razón da cesión aquí convida a favor de Sogaserso, esta comprométese a financiar a construción e garantir a explotación do equipamento xeriátrico mencionado, a cuxos efectos queda expresamente autorizada para a utilización de instrumentos e modalidades de acción que permitan garantir a súa maior calidade e eficiencia; garantindo, en todo caso, Sogaserso a construción e explotación do Equipamento Xeriátrico, así como o seu mantemento en funcionamiento durante o prazo míñimo de 30 anos refirido con anterioridade.

Asimesmo, Sogaserso comprométese a que se manteña a ausencia de finalidade lucrativa dos seus socios. Na actualidade o capital social da mencionada sociedade, tal e como se recolle na súa escritura de Constitución, está constituido da forma seguinte:

Comunidade Autónoma de Galicia 45% do Capital Social.
Fondo Social Caixa Galicia 27,5% do Capital Social.
Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra 27,5% do Capital Social

Con respecto á natureza dos dous últimos socios, o apartado primeiro do artigo 74 do Decreto Lexislativo 1/2005, de 10 de maio, que aproba o texto refundido das leis de Caxias de aforro de Galicia, onde se entende por Caixa de Aforros "la entidad financiera de carácter social, de naturaleza fundacional y sin finalidad lucrativa" que, bajo el protectorado público ejercido por el Gobierno de la Comunidad Autónoma de Galicia a través de la Consellería de Economía y Hacienda, se dedica a la actividad financiera y la prestación de servicios conexos, destinado parte de sus excedentes a obras de carácter benéfico-social"

De modificarse esta condición (configurada a modo de carga modal derivada da Cesión Gratuita o Concello poderá solicitar a entidade beneficiaria o pago do valor do solo cedido pericialmente taxado.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

Asimesmo, acordase poñer a disposición de Sogaserso, con carácter inmediato, os terreos obxectos desta cesión con obxecto de que esta poida iniciar os trámites necesarios para a elaboración, aprobación e posta en marcha do proxecto construtivo do Centro.

Por último, e sen prexuízo algúns da cesión anerior a favor de Sogaserso para a construcción e explotación do Equipamento Xeriátrico, acordase, igualmente, estudar coa devandita Entidade a posibilidade de promover un balneario como complemento do devandito Equipamento, co fin de maximizar a utilidade que para o Concello de Viveiro reporta a implantación no mesmo da devandita instalación xeriátrica.

Para a formalización do presente acordo aprobase, asimesmo, o Convenio de Colaboración entre Sogaserso e o Concello de Viveiro de acordo co texto que se anexa.”

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E SOGASERSO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN EQUIPAMENTO XERIÁTRICO EN TERREOS CEDIDOS POLO CONCELLO.

Na Casa Consistorial de Viveiro, a

REUNIDOS

Dunha parte, Don melchor Roel Rivas, Alcalde-presidente do Concello de Viveiro,

Doutra

INTERVEÑEN

Don Melchor Roel Rivas, en nome e representación do Concello de Viveiro, na súa condición de Alcalde-presidente do mesmo.

Don

Ambas partes, na condición na que interveñen, recoñecense m\'jutua capacidade para formalizar este Convenio.

Da fe do acto a Secretaria Xeral do Concello, D^a. Sara Martínez Álvarez.

EXPOÑEN

I.- O Concello de Viveiro, en sesión plenaria celebrada o día , adoptou, por unanimidade, o acordo de ceder a Sogaserso uns terreos de titularidade municipal situados na Misericordia, cuxas condicións de ordenación urbanística se determinan no exponiendo III, coa finalidade de que pola



entidade cessionaria se promovan as actuacións necesarias para a construción e explotación dun Equipamento Xeriátrico.

Con este acordo o Concello de Viveiro pretende dotar ao Municipio dun equipamento de maior trascendencia social, coa finalidade de responder a demanda existente de atención aos nosos maiores que manifesta de maneira crecente un importante sector da poboación. Neste sentido é necesario constatar que este sector poboacional, con preocupante frecuencia, sofre graves carencias de atención básica. En particular, no que fai referencia ao Municipio de Viveiro, preténdese lograr que os vecinos maiores interesados poidan ter a posibilidade de dipoñer deste servizo no propio termo municipal sen necesidade de desprazarse do mesmo.

Valorando a trascendencia deste equipamento, resulta evidente o beneficio directo que representa para os vecinos, ao que habería que engadir o que comporta, co centro a pleno rendemento, a creación de entre setenta (70) e oitenta (80) postos de traballo directos que beneficiarían especialmente a vecíños do municipio e a colectivos con dificultades para a inserción laboral como é o da mullero e os minusválidos.

II. Pola súa parte Sogaserso que comparte o plantexamento que se pon demanifesto no expositivo anterior, ten a pretensión de intensificar a súa actividade de atención ás persoas maiores e, por isto, asume a colaboración co Concello de Viveiro para a creación dun equipamento xeriátrico nesta localidade, mediante o cal se garantice unha adecuada asistencia ás persoas usuarias do mesmo, incorporanse técnicas de xestión especializadas que permitan asegurar o maior grao de eficacia en esta complexa actividade, o que sen dúbida, contribuirá a elevar a calidade de vida dos cidadán de Viveiro.

A estes efectos, faise constar que Sogarseso é unha entidade sen finalidade lucrativa.

III. Tendo en conta o anteriormente sinalado, resulta evidente o interese de establecer fórmulas de colaboración entre o concello de Viveiro e Sogaserso co obxecto de achegar capacidade de xestión e unificar recursos para afrontar o importante reto de mellorar a calidade de vida das persoas maiores. Polo tanto, e resultando coincidentes os intereses de ambas as dúas partes, acordado suscribir este Convenio de colaboración, que ten como finalidade específica concretar os compromisos que asume Sogaserso como consecuencia do acordo de cesión, referido da parcela de propiedade municipal para a construción dun equipamento xeriátrico. A estes efectos faise constar que as condicións de ordenación urbanística determinantes son as seguintes:

Edificabilidade	15.236 m2.
Uso	Equipamento xeriátrico
Ocupación máxima	50% da parcela (7.618 m.)
Número de plantas	5 (Sótano, Semisótano+3)
Superficie	15.236 m2.



O Convenio rexerase polas seguintes

ESTIPULACIÓN

Primeira.- Construcción e explotación do Equipamento Xeriátrico.

Por razón das cesión aquí convida a favor de Sogaserso, esta comprométse a financiar a construcción e garantir a explotación do equipamento xeriátrico mencionado, coas seguintes características básicas relativas á totalidade das fases da súa execución.

O Equipamento Xeriátrico terá unha capacidade de entorno a cento cincuenta (50) prazas residenciais e aproximadamente trina (30) de centro de día.

Aos efectos da promoción, construcción e explotación do Centro Xeriátrico autorizase expresamente a Sogaserso a utilización de instrumentos e modalidades de acción que permitan garantir a súa maior calidade e eficiencia, así como o seu mentemento e funcionamento durante o prazo mínimo de trinta (30) anos refirido na estipulación seguinte.

Segunda.- Compromiso que asume Sogaserso.

Sogaserso asume os seguintes compromisos, que realizará directamente ou mediante instrumentos e modalidades previstos na estipulación precedente.

1.- Facerse cargo dos gastos que orixine a transmisión da parcela.

2.- Presentar os proxectos necesarios para obter as licenzas municipais e autorizacións que procedan, no prazo de tres (3) meses, contados a partir da daeta de outorgamento da escritura de cesión gratuita da parcela.

3.- Finalizar a execución das obras e solicitar a licenza de primeira utilización do inmoble e demáis autorizacións que resulten necesarias, no prazo máximo de trinta e seis (36) meses, contados a partir da notificación de outorgamento das licenzas preceptivas.

4.- A manter en funcionamento o Equipamento Xeriátrico durante o prazo mínimo de trinta (30) anos. Isto, non obstante, se antes de cumplirse este prazo se presentasen circunstancias que modifiquesen substancialmente o plantexamento deste Convenio ou provocasen dificultades na explotación do Equipamento Xeriátrico, poderase, de muto acordo co Concello de Viveiro, cambiar a natureza da actividade, sempre que se afecte a fins de intereses social durante o refirido prazo mínimo de trinta (30) anos.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

Terceira.- Compromiso que asume o Concello de Viveiro.

1.- A exonerar a Sogaserso na construcción, promoción ou explotación do Equipamento Xeriátrico, co 95% do importe das taxas, impostos ou gravames que soporten a construcción, a acometida de subministro de auga e saneamento e o inmoble edificado.

2.- A realizar as obras de urbanización da parcela que se cede e as de saneamento e abastecemento.

En proba de conformidade co estipulado, as partes suscriben o presente documento, en duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados, do que eu, Secretaria, dou fe.”

SEGUNDO.- Publicar edicto no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP polo prazo de quince días de exposición ao público para presentación de alegacións.

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente para asinatura de cuntos documentos se deriven do presente acordo.

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DE TERREOS EN LAVANDEIRAS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PARQUE DE BOMBEIROS.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas maniféstase que a parcela que se pon a disposición para a construcción do Parque de Bombeiros é a número 7 de Lavandeiras contando cunha superficie de 5.823 m², e desta maneira continuar coa tramitación que se iniciou en outubro. A seguir indica que agora non se constituirá un Consorcio comarcal para o parque de bombeiros, senon un provincial coa participación da Excma Deputación. Que hai un anteproxecto que tivo problemas, que dí tiña a forma inspirada nos galpóns, que é un deseño que se da nas edificacións existentes nos peirao e lonxas, xa que o Arquitecto redactor é de Celeiro.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Fernández Amor, que afirma estar de acordo coa proposta que dí é proba de que os gobernos de esquerda cambian as cosas en benefizo dos habitantes de Cervo e Viveiro.

A do Concelleiro do P.P., D. Celestino García Paz que o fai no lugar do voceiro, expresando o seu acordo coa proposta da Alcaldía, e congratulándose no caso de que se efectuara con anterioridade. Que o proxecto lles gusta e cren vai cumplir as expectativas da Mariña Occidental, indicando a seguir que lles houbera gustado coñecer os termos do Protocolo que asinaron coa Deputación para que o seu voto positivo contivera máis elementos de convicción.

O Concelleiro do B.N.G., D. José Antonio Goás Basanta maniféstase tamén conforme e formula a petición de base de salvamento marítimo.

O Concelleiro de I.U.-E.U., D. Orlando Expósito Mariño dí que vai aprobar algo que se reivindicou dende fai anos, e que xunto á súa casa morreu unha persoa por un incendio.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

Finalmente o Sr. Alcalde expresa que non ten inconveniente en facilitar copia do Protocolo asinado polos alcaldes de Chantada, Vilalba e Barreiros, puntualizando que este último Concello xa ten o parque absoleto; todo elo, tendo en conta dí, que todos son Concellos de menos de vinte mil habitantes e que non están obligados por Lei a prestar os servizos de prevención e extinción de incendios.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, o que supón maioría absoluta do número legal, acorda:

PRIMEIRO.- Poñer a disposición da Consellería de Presidencia a parcela nº 7 del Plan Parcial de Lavandeiras-Lodeiro, cunha superficie de 5.823 m². para a construción do Parque Comarcal de Bombeiros en Viveiro.

SEGUNDO.- Tramitar a autorización preceptiva ante o Ministerio de Medio Ambiente por tratarse de terreos pertencentes á concesión de Lavandeiras-Lodeiro.

TERCEIRO.- Publicar edicto no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP para que no prazo de quince días, de exposición ao público, se poidan presentar alegacións contra a posta a disposición dos citados terreos.

CUARTO.- Comuníquese ao departamento de Obras e Urbanismo para a remisión do presente acordo e o anteproyecto: á Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, así como á Comisión de Seguimiento do Protocolo suscrito entre a citada Consellería, a Diputación de Lugo e o Concello de Viveiro.

Igualmente, dáse traslado ao departamento de Obras para a tramitación que cómpre facer ante o Ministerio de Medio Ambiente.

Asemeosmo, trasladar o presente acordo ao departamento de Inventario de Bens e Dereitos Municipais.

4º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL DE TERREOS EN LAVANDEIRAS PARA A CONSTRUCCIÓN DE NOVAS OFICINAS E INSTALACIÓN DO SERVIZO CONTRAINCENDIOS.

Polo Sr. Alcalde exponse que fai tempo que teñen conversacións co Conselleiro de Medio Rural, Sr. Suárez Canal, para a construción desta dotación para o Servizo Contraincendios, redactado polos Arquitectos: D. Xan Casabella López e D. Xosé Díaz Vieites, e que o edifizo iría xunto ao destinado á Centro Ocupacional de Minusválidos Psíquicos, ao obxecto de que dispoña Medio Rural de oficinas e ubicar tamén os servizos veterinarios e que afectaría, en concreto, ás parcelas 8 e 10, pero o edificio ubicarase na parcela 8, xa que a 10 ten como fin facilitar o estacionamento e acceso daquelas instalacións.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

Finalmente, agradécelle ao Delegado de Medio Rural as xestións levadas a cabo neste asunto.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do grupo do PP, do Concelleiro D. Celestino V. García Paz, que dí que este punto da Orde do Día é moi similar ao anterior e que o seu grupo se congratula dos termos da proposta e do anteproxecto, xa que consideran moi positivo que sexa nunha parcela máis grande para garantir a posibilidade de levar a cabo ampliacións desas instalacións e tamén de que se establecera neste Concello unha Delegación desa Consellería .

Os Concelleiros do BNG e de IU, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño, manifestan a súa conformidade, polo que se procede a efectuar a votación

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, o que supón a maioría absoluta do número legal membros, acorda:

PRIMEIRO.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Rural 2.500 m². de terreo dotacional do Plan Parcial de Lavandeiras-Lodeiro, ubicados na mesma parcela na que se atopa Protección Civil (parcela 8 e 10) coa finalidade de garantir o fácil e mellor acceso.

En ditos terreos se ubicará o edificio que figura no anteproxecto de “Casabella & Vieites, Arquitectos, S. L.”.

SEGUNDO.- Tramitar a autorización preceptiva ante o Ministerio de Medio Ambiente por tratarse de terreos pertenecentes á concesión de Lavandeiras-Lodeiro.

TERCEIRO.- Publicar edicto no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP para que no prazo de quince días, de exposición ao público, se poidan presentar alegacións contra a posta a disposición dos citados terreos..

Comuníquese o presente acordo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural, así como ao departamento de Obras para a tramitación que cómpre facer ante o Ministerio de Medio Ambiente.

Asemeismo, trasladar o presente acordo ao departamento de Inventario de Bens e Dereitos Municipais.

5º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A REORDEACIÓN DE VOLUMES NA FINCA COÑECIDA COMO PAZO DOS MALATES.

Polo Sr. Alcalde expонse que non houbo reclamacións que se presentaran durante a exposición ao público do expediente, sinalando, a seguir, que, como



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

consecuencia deste acordo, levaríase a cabo un convenio cos promotores do estudio de detalle, polo que o Pazo dos Malates pasaría a integrar o Patrimonio Municipal e se daría de baixa do Inventario a Capela ou o que queda desta edificación.

Seguidamente, refírese aos debates levados a cabo na Comisión Informativa, en xullo do 2006, nos que un Concelleiro do grupo do PP daquela Corporación, pediu se consultara o alcance da limitación de rúas no ámbito do PEPRI á vista do regulamentado no Decreto 102/2006.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense a da Concelleira do PP, Dª. María del Carmen Gueimunde González, que indica existe un informe de data 1 de decembro do 2006 do servizo xurídico do departamento de Obras que dí é negativo a esta proposta lendo, a seguir, dos puntos do mesmo:

“Cuestión distinta é a relativa a imposibilidade de ejecución do Estudio de Detalle mediante o outorgamento da licenza de obras correspondente, como consecuencia do establecido no punto 5 do Anexo, en relación co sistema viario. Segundo o dito punto, esa ordenanza reguladora será de aplicación ao sistema viario reflectido nos plans de desenvolvemento aprobados que se manteñen en vigor (polo tanto, a de ser aplicable ó PEPRI do casco antigo). O punto 5.2. estable a prohibición, en todo caso, de apertura de novas vías, rúas ou camiños, así como a urbanización ou a ampliación dos existentes, polo que non sería autorizable unha solicitude de licenza de obras no ámbito deste Estudio de Detalle, xa que, como indica o informe técnico de data 30 de setembro do 2006, no punto 2.3. habería que proceder ao ancheamento da rúa Alonso Pérez e á aperturas de rúas novas transversais e do Chamorro....”

Continúa na súa intervención a Concelleira citada, indicando que o seu grupo entende que se non existe un informe positivo posterior ao emitido en data 1 de decembro do 2006, non se podería aprobar este Estudio de Detalle.

En contestación o Sr. Alcalde indica que o Enxeñeiro municipal, técnico que informou este expediente, foi obxecto dunha denuncia na que se decía que a confusión nos informes emitidos por este tiña a súa orixe no cambio de normativa urbanística e que non se vai a aprobar ningunha licenza sen a previa aprobación definitiva do Estudio de Detalle e que existe un informe técnico favorable, posterior e que, desta maneira se vai salvar da piqueta o Pazo dos Malates.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de dez votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU) e sete en contra (PP), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle para a reordenación dos volumes da edificación na parcela sita na rúa Alonso Pérez, onde se sitúa a capela dos Malates e o pazo do mesmo nome, instada por “Construcciones y promociones J. Díaz Fernández, S. L.”.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Obras e Urbanismo para a remisión do expediente á Xunta de Galicia e a tramitación que preceptivamente cómpre levar a cabo



6º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEPRI DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.

Polo Sr. Alcalde indícase que non hai constancia da presentación de alegacións no periodo de exposición ao público e que este asunto xa se tratou nunha Comisión Informativa de Infraestructuras, Urbanismo, Obras e Medido Ambiente de data 22 de agosto do 2007.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), o que supón a maioría absoluta do número legal deste, acorda aprobar definitivamente a modificación puntual do PEPRI do Casco Histórico de Viveiro.

Dáse traslado do presente acordo ado departamento de Obras e Urbanismo para a tramitación que preceptivamente cómpre levar a cabo; así como á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico.

7º.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE DÉBEDA.

Polo Sr. Alcalde indicase que todos os grupos políticos teñen coñecemento das facturas que se inclúen no expediente, xa que este punto se dictaminou na Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Aberta a quenda de intervecñóns producíndose as seguintes:

1ª.- Polo grupo do PP a concelleira, Dª. Raquel Atadell Giz que dí que o grupo non se opón a que se aboén as facturas aos proveedores, pero consideran que debe existir un criterio de prioridade polo que levan, reiteradamente, pedindo as facturas pendentes de aboamento e que van xerar intereses de demora nos casos nos que se reclamen xudicialmente, polo que atendendo ao informe de Intervención van a votar en contra.

2ª.- O Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta dí que se vai abster.

3ª.- O Concellleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, manifesta que vai a votar a favor.

Antes de proceder á votación do asunto, o Sr. Alcalde puntualiza que se están a pagar facturas do ano 2007 cos remanentes, áinda que ás que se refire a Concellera do PP, Sra. Atadell Giz, son facturas do ano 2003 que non se atopan recoñecidas como débeda porque moitas delas non se asinaron polos responsables políticos anteriores; polo que ata que non se teña constancia de que son débedas esixibles non as van a recoñecer nin aboar, salvo que exista unha sentencia dos Tribunais de Xustiza.

A seguir, procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de nove votos as favor (PS de G-PSOE e IU-EU), sete votos en contra (PP) e unha



abstención (BNG), acorda aprobar o recoñecemento extrajudicial de crédito que, textualmente, dí:

"INFORME AL RECONOCIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS .

Régimen jco.:

TRLRHL 2/2004

Artículo 176. Temporalidad de los créditos.

1. Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario.
2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, se aplicarán a los créditos del presupuesto vigente, en el momento de su reconocimiento, las obligaciones siguientes:
 - a) Las que resulten de la liquidación de atrasos a favor del personal que perciba sus retribuciones con cargo a los presupuestos generales de la entidad local.
 - b) Las derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en ejercicios anteriores, previa incorporación de los créditos en el supuesto establecido en el [artículo 182.3.](#)

RD. 500/1990 :

Artículo 60.

2. Correspondrá al pleno de la entidad el reconocimiento extrajudicial de créditos, **siempre que no exista dotación presupuestaria**, operaciones especiales de crédito, o concesiones de quita y espera.

Base 23 de las Bases de ejecución del Presupuesto del 2004.

BASE 23. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITOS

O Pleno é o órgano competente para o recoñecemento extrajudicial de créditos de conformidade co disposto nos artigos 26.2, c) e 60.2 do R.D. 500/90 de 20 de abril

O procedemento axustaráse aos seguintes trámites:

1. Proposta do Alcalde ou Concelleiro delegado correspondente, na que se indicará o motivo polo que o gasto non foi aprobado no exercicio no que se produciu.
2. Informe da Intervención Municipal
3. Dictame da Comisión de Facenda.
4. Aprobación polo Pleno da Corporación



Aos efectos da imputación orzamentaria das obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se recoñeca crédito no vixente orzamento, créase a subfunción 123, á que se imputarán aquelas obrigas, en función da súa natureza de gasto corrente ou de investimento.

Excepcionalmente poderánse imputar tales gastos a calquera outra partida do orzamento, sempre que se estime que o crédito da mesma estará na situación de dispoñible durante todo o exercicio económico por non ser necesario para o normal funcionamento do servicio ou para gasto de investimento, e así se faga constar no previo e preceptivo informe da Intervención municipal.

De tódolos recoñecementos extrajudiciais de crédito daráse conta ao Pleno no momento de rende-la Conta Xeral do Orzamento.

Hechos.

Durante el año 2007 se realizaron una serie de gastos por cuantía superior a la consignada en el Presupuesto de ese ejercicio . Estos gastos se documentan en las siguientes facturas:

Estos gastos corresponden a gastos corrientes que se aplican al actual presupuesto en vigor a las partidas 123.226 . Gastos corrientes diversos ejercicios anteriores. Reconocimiento extrajudicial de créditos ; y a gastos de inversión 123.601.

Debe volverse a repetir lo señalado en el informe de intervención a la liquidación del año 2003, que literalmente decía:

“Estes feitos, como sinala textualmente o “Anteproxecto de Informe de Fiscalización do Concello de Viveiro. Exercicio 2000” realizado polo CONSELLO DE CONTAS, “denotan que se acude á figura do recoñecemento extrajudicial de crédito de forma xeralizada, cando a mesma ten carácter excepcional, suponiendo o incumplimento reiterado de principios tan importantes como o de anualidade orzamentaria e devengo contable, así como a normativa en materia de contratación administrativa. Ademais, non procede recoñecer gastos con cargo a exercicios futuros.

A utilización abusiva e reiterada desta figura supón un incumplimento da normativa orzamentaria e de contratación que rexe o funcionamiento das Administracións Públicas, de acordo co disposto no artigo 154.5 da LRFL, sen prexuízo das responsabilidades que pudieran proceder.

Recomendase que o Concello adopte as medidas oportunas destinadas a cumplir a normativa orzamentaria, contable e de contratación, infraccións implícitas nos recoñecementos extrajudiciais de crédito, reforzando a Intervención municipal, así como unha contención nos gastos e axuste dos mesmos ás limitacións cuantitativas e cualitativas dos créditos orzamentarios”



Consideraciones finales:

Dados los antecedentes normativos la competencia para aprobar el reconocimiento extrajudicial es del Pleno .

Para atender a todos estos gastos que se recogen en anexo por una cuantía total de 444.026,22 € de los que corresponden a gastos corrientes 335.702,54 € y 108323,68 € a gastos del capítulo 6º, es necesaria la aprobación por la Alcaldía de la transferencia de crédito 2/2008 para aumentar el crédito en la partida 123.226.

Debe recordarse la necesidad de evitar el uso del reconocimiento extrajudicial . Sólo es admisible en aquellos casos en que desde que se recibe la factura justificativa del gasto , por corresponder a un objeto que no se podía facturar antes, hasta la finalización del ejercicio presupuestario, no es posible , por motivos temporales, la aprobación de la factura en el año que le corresponde. Es asimismo urgente que las plazas vacantes o en régimen de interinidad en los servicios económicos se provisionen definitivamente de acuerdo con la legalidad.

Al tratarse de gastos facturados correspondientes al 2007, para poderse aplicar al Presupuesto del 2008 debe tramitarse el reconocimiento extrajudicial de créditos que se financia con el crédito de las partidas 123.226 .

